

A EMPRESA VIGUESA GKN DRIVELINE DESENVOLVE UNHA NOVA CAMPAÑA DE DOAZÓN DA ADOS

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) estará ao longo da xornada de mañá, xoves 6 de novembro, na empresa GKN Driveline de Vigo. Esta empresa viguesa conta cunha longa traxectoria de colaboración e apoio ás campañas de doazón de sangue que comezou a acoller no ano 1995. Ao longo destas tres décadas, GKN Driveline ten acollido ás unidades móbiles da ADOS en preto de 80 ocasións rexistrando, no transcurso destas visitas, un total de 7.065 doazóns de sangue.

A unidade móbil da Axencia estará estacionada mañá, xoves 6 de novembro, diante dos servizos médicos de GKN Driveline para recoller as doazóns de todos os profesionais que desexen participar. O horario de atención da unidade móbil será das 09:30 ás 14:30 e das 15:30 ás 21:00 horas.

ADOS quere agradecer á dirección de GKN Driveline. as facilidades amosadas para o desenvolvemento das campañas de doazón de sangue, recoñecemento que fai extensivo a todos os seus traballadores e traballadoras que participan activamente doando sangue.